

A52, faise preciso adoptar medidas específicas coherentes co réxime de explotación vixente no treito Alto de Santo Domingo-enlace de Cea, que garantan a asunción pola Xunta de Galicia das peaxes que se establezan para este novo treito.

Este decreto ten por obxecto aprobar a aplicación das tarifas vixentes no treito Alto de Santo Domingo-enlace de Cea para o novo treito enlace de Cea-A52, o que permite asegurar a adecuación daquelas a prezos de mercado, ademais de manter a necesaria coherencia da actuación da Administración autonómica coa estatal, todo isto no marco dos acordos suscritos no seu día.

Así mesmo, tal e como se recolle no Decreto 193/2007, do 4 de outubro, regularase un réxime específico que permita a asunción pola Administración autonómica das peaxes establecidas para o novo treito. E isto sen prexuízo de posterior adopción das medidas que, por proposta das consellerías de Economía e Facenda e de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, se consideren oportunas para regular con carácter definitivo o modelo de xestión da autoestrada e a modificación do Decreto 432/2003 e a dos instrumentos de colaboración suscritos coa Administración xeral do Estado e coa sociedade Aceousa.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de decembro de dous mil oito,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Apróbanse as tarifas de aplicación no treito enlace de Cea-A52, correspondente á autoestrada de titularidade autonómica entre Alto de Santo Domingo e a autovía A52:

Vehículos lixeiros: 0,0747 €/km máis IVE.

Vehículos pesados 1: 0,1260 €/km máis IVE.

Vehículos pesados 2: 0,1494 €/km máis IVE.

##### Artigo 2º

No treito de autoestrada enlace de Cea-A52, a sociedade pública Aceousa percibirá como ingresos propios as contías que deriven da aplicación das tarifas aprobadas pola Administración ao percorrido efectivo realizado polos usuarios. Os importes serán aboados pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e non será, pois, de aplicación o pagamento da peaxe por parte dos usuarios. Nestes termos, este decreto modifica o Decreto 432/2003, unicamente no extremo citado, mantendo vixente o resto das súas previsións.

#### Disposición adicional

As consellerías de Economía e Facenda e de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, logo

da realización dos correspondentes estudos, elevarán ao Consello da Xunta de Galicia unha proposta conxunta de medidas dirixidas a regular, con carácter definitivo, o modelo de xestión da autoestrada Alto de Santo Domingo-A52 e a modificación do Decreto 432/2003 e dos instrumentos de colaboración suscritos coa Administración xeral do Estado e coa sociedade Aceousa.

#### Disposición transitoria

En tanto non se subscriba o convenio a que se refire a disposición adicional, para axustarse ao novo marco normativo será de aplicación o previsto no convenio vixente en todos aqueles aspectos que non contradigan o establecido neste decreto.

#### Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta de decembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Mª José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 12 de xaneiro de 2009 pola que se convocan, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, cursos preparatorios ás probas para acadar os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no ano 2009.*

O Estatuto de autonomía para Galicia establece que os poderes públicos de Galicia deberán garantir o uso normal e oficial do idioma galego, e potenciar o seu emprego. Neste sentido, o artigo 6.4º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, especifica que a Xunta de Galicia ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. Dentro do seu ámbito, é a Secretaría Xeral de Política Lingüística o órgano que ten as atribucións e as funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega.

Pola súa parte, o artigo 59 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as escolas oficiais de idiomas teñen por obxecto capacitar o alumnado para o emprego axeitado dos idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, cunha organización en tres niveis: básico, intermedio e

avanzado. Nesta mesma lei, no punto 4º do artigo 60, establécese que, de acordo co que establezan as administracións educativas, as escolas oficiais de idiomas poderán impartir cursos para a actualización dos coñecementos de idiomas e para a formación do profesorado e doutros colectivos profesionais.

Mediante o acordo subscrito o día 10 de setembro de 2007 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Política Lingüística establécéronse as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as escolas oficiais de idiomas, como centros de ensinanzas de réxime especial dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para impartir cursos preparatorios para a consecución dos certificados de lingua galega, Celga, a partir do curso 2007-2008.

Por iso, no uso das funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten atribuídas,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto convocar, con carácter gratuíto, cursos preparatorios para a consecución dos certificados de lingua galega (Celga), nos niveis 1, 2 e 3 para o ano 2009, nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican no anexo II.

Os cursos impartiranse en dúas quendas: a primeira comezará en febreiro e a segunda en outubro de 2009, en horario de mañá ou de tarde, segundo a dispoñibilidade de aulas.

##### Artigo 2º.-*Beneficiarios dos cursos.*

Os cursos van dirixidos a todas as persoas maiores de dezaseis anos, ou aqueles que os cumpran no ano natural de convocatoria, que necesiten certificar a súa competencia da lingua galega.

##### Artigo 3º.-*Solicitudes e prazos.*

As solicitudes, segundo o modelo que figura no anexo I desta orde, poderanse presentar na propia escola oficial de idiomas onde teña lugar o curso a partir do día seguinte ao da publicación desta orde e ata cinco días antes da data establecida por cada escola oficial de idiomas para o inicio do curso.

As listas de seleccionados para participar nos cursos, así como as datas de comezo destes, faranse públicas tanto nos taboleiros de anuncios da escola oficial de idiomas en que terá lugar o curso coma na súa páxina web.

##### Artigo 4º.-*Constitución de grupos.*

Os cursos terán un número mínimo de 15 participantes e un número máximo de 25. No caso de que

non se acade o número mínimo, decaerá a súa realización, agás autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. No caso de suspensión do curso, esta circunstancia será comunicada aos solicitantes.

##### Artigo 5º.-*Características dos cursos: contidos e avaliación.*

1. Os cursos axustaranse aos contidos sinalados na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

2. Cada curso terá unha duración de 60 horas lectivas, coa obrigada presenza de todo o alumnado.

3. Corresponderalle ao profesorado de galego da escola oficial de idiomas a realización da programación destas horas, de acordo coas necesidades e o desenvolvemento do curso.

4. Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse á normativa e ao uso correcto do idioma establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003, de conformidade coa disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

5. A realización do curso non dará dereito a ningún tipo de certificación, por tratarse dun curso preparatorio para as probas conducentes á obtención dos correspondentes certificados de lingua galega Celga, cuxa xestión e expedición compete á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

6. Os cursos serán gratuítos para todos os participantes.

##### Artigo 6º.-*Profesorado.*

Estes cursos serán impartidos polo profesorado dos departamentos didácticos de lingua galega das escolas oficiais de idiomas que realizen o correspondente curso de formación previo para a docencia dos cursos preparatorios de lingua galega (Celga).

O profesorado de cada curso será o responsable de programar e desenvolver os contidos sinalados na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

##### *Disposición derradeira*

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2009.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria



**ANEXO II**  
**Relación de cursos Celga ofertados**

**EOI A Coruña**

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Celga 1	Febreiro 2009	9.00 a 11.00		Luns e mércores
Celga 1	Outubro 2009		(Sen determinar)	(Sen determinar)

**EOI Ferrol**

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Celga 2	Xaneiro 2009		(Sen determinar)	(Sen determinar)
Celga 1	Outubro 2009		(Sen determinar)	(Sen determinar)

**EOI Santiago de Compostela**

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Celga 2	Xaneiro 2009	10.30 a 12.00		Martes, xoves e venres

**EOI Lugo**

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Celga 3	Febreiro 2009		16.00 a 18.00	Luns, martes e xoves
Celga 2	Outubro 2009	9.00 a 11.30		(Sen determinar)

**EOI Ourense**

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Celga 3	Outubro 2009		(Sen determinar)	(Sen determinar)

**EOI Vigo**

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Celga 1	Outubro 2009		17.30 a 19.30	Luns e mércores

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Resolución do 2 de xaneiro de 2009 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de abril de 2008, pola que se modifica a Orde do 21 de setembro de 2007, na que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o financiamento de accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal, da Consellería do Medio Rural, e se convocan para o ano 2008.*

Mediante resolución do conselleiro do Medio Rural, do 1 de setembro de 2008, concedéronse as axudas para o financiamento de accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario,

agrícola e forestal ás entidades e pola contía que se reflicten no anexo, convocadas ao abeiro da Orde do 23 de abril de 2008, pola que se modifica a do 21 de setembro de 2007, na que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o financiamento de accións de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal, da Consellería do Medio Rural, e se convocan para o ano 2008 (DOG nº 83, do 30 de abril).

O artigo 11º, puntos 2 e 7 da Orde do 21 de setembro de 2007 (que non foi modificado pola Orde do 23 de abril de 2008) indica que a relación das subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.